

O ritual estratéxico da obxectividade: exame das nocións de obxectividade da xente de prensa.<sup>1</sup>

Gaye Tuchman

Os xornalistas que estudamos cren que poden mitigar presións continuas coma as dos termos de entrega, posibles procesos por libelo e reprimendas por anticipado dos superiores cando son capaces de declarar que o traballo que fan é “obxectivo”. Este artigo examina tres factores que axudan ós xornalistas a defini-lo que sexa un “feito obxectivo”: forma, contido e relacións interorganizativas. A mosca que, á hora de discuti-lo contido e as relacións interorganizativas, os xornalistas só poden invoca-lo xuízo que teñen para decidir que é noticia; sexa como for, declaran (ou reclaman) obxectividade citando procedementos que seguiron para exemplifica-los atributos formais dunha noticia ou dun xornal. Por exemplo, o xornalista pode suxerir que citou a outra xente, en troques de ofrece-las súas opinións. O artigo suxire que a “obxectividade” pode entenderse a xeito de ritual estratéxico que protexe ós xornalistas dos riscos que corren no seu traballo. Pregúntase se quizais noutras profesións tamén se usa o termo “obxectividade” da mesma maneira.

Para un sociólogo, a palabra “obxectividade” está cargada de significado. Invoca a filosofía, nocións de ciencia e ideas de profesionalismo. Chama polos espíritos de Durkheim e Weber, evocando disputas de revistas académicas verbo da natureza dos “feitos sociais” e da expresión “libre de valores”.

A insistencia frecuente do científico social na obxectividade non é nada peculiar desta profesión. Os médicos e avogados declaran que a obxectividade é a posición adecuada que teñen que manter perante os clientes. Prós xornalistas, igual que prós científicos sociais<sup>2</sup>, o termo “obxectividade” amósase coma se fose un baluarte entre eles e mailos críticos. Cando reciben ataques pola presentación controvertida de “feitos”, os xornalistas invocan a obxectividade case igual có labrego mediterráneo levaría un collar de allos arredor do pescozo para gardarse dos malos espíritos.

A xente da prensa ten que ser capaz de invocar algún concepto de obxectividade, por mor de procesa-los feitos relativos á realidade social. Este artigo vai examinar tres factores que inflúen na noción de obxectividade da xente de prensa: a forma, as relacións interorganizativas e mailo contido. Por forma, entendo os atributos das noticias e xornais que exemplifican os procedementos das noticias, como é o uso de vírgulas nas citas. Por contido, entendo as nocións de realidade social que o xornalista dá por garantidas. O contido tamén ten relación coas relacións interorganizativas do xornalista, pois as experiencias con esas organizacións lévanos a dar por garantidas algunhas cousas relativas a elas. Finalmente, vou suxerir que o tratamento correcto dunha historia (ou, “dunha noticia”, “da historia que se conta nunha noticia”), quere dicir, o uso de certos procedementos que o lector pode discernir, protexe á xente de prensa dos riscos da profesión, críticos incluídos.

Everett Hughes (1964), suxire que os procedementos que valen para tal obxectivo poden concebirse a xeito de “rituais”. O ritual entendese aquí a xeito de procedemento rutineiro que ten relevancia relativamente pequena ou tanxencial para o fin que se procura. A adhesión ó procedemento é decote compulsiva. Que tal procedemento poida se-lo recurso máis coñecido para acadalo fin que se procura non reduce en nada a pertinencia de caracterizalo a xeito de ritual. Por exemplo, a práctica dezaoitosa de lle facer sangrías ós doentes por lles cura-la febre

---

<sup>1</sup> Versión galega de “Objectivity as strategic ritual. An examination of newsmen’s notions of objectivity”, *American Journal of Sociology*, n. 79, pp. 110-131.

<sup>2</sup> Jacobs (1970) discute as comparanzas entre xente de prensa e sociólogos, indicando que os sociólogos recollen máis datos para cumprir un obxectivo diferente. Indica que a primeira regra do seu director (e editor) era “capta os feitos” e a segunda “non deixes que os feitos interfiran coa historia”. Os xornais actuais, incluídos aqueles para os que traballou Jacobs, botaron abaixo a segunda norma. A cantidade e obxectivo da información recollida non resta nada ó meu argumento.

podería entenderse a xeito de ritual<sup>3</sup>. Na medida en que a xente de prensa invoca procedementos rituais por mor de evita-las posibles críticas e para seguir rutinas trabadas polos “límites cognitivos da racionalidade”, son tamén “estratexias” de actuación (March e Simon 1967, pp. 137, 142). O termo “estratexia” denota tácticas usadas á ofensiva para anticipar ataques ou, á defensiva, para evita-la crítica<sup>4</sup>. O ritual estratéxico da obxectividade pódono usar moitos profesionais para se defender do asalto crítico.

Neste artigo cíntase dez noticias. Nove colléronse das notas de traballo de campo reunidas mentres facía de observadora participante nun xornal metropolitano que tiña unha tiraxe duns 250.000 exemplares<sup>5</sup>. A décima é dun libro sobre prácticas informativas (Rivers, 1967). En seis delas, os xornalistas critican o traballo doutros colegas; nunha, un home de prensa critica a un reporteiro doutro xornal. A énfase na crítica é en parte resultado dos métodos que se usan. En calidade de observadora participante, tentei facer cantas menos preguntas mellor. Era isto especialmente importante á hora de observa-los directores e subdirectores que botaban boa parte do serán enterrados entre versións de noticias pendentes da redacción definitiva. Cando gababan artigos de alguén, non daban as razóns da gabanza. Cando non lles gustaba unha noticia, daban moitas razóns para a rexeitar. Esas razóns rexistráronse coidadosamente, e eses rexistros foron necesariamente máis coidados cás atribucións relativas ó que estaba “ben” nunha noticia “boa”. As noticias criticadas non eran moitas; as exposicións demoradas dos defectos dunha noticia, se ben se categorizaban de xeito tallante, eran poucas e infrecuentes. Sexa como for, as categorías de avaliacións negativas que xeraban forneceron nocións para saber cando é que se dá unha noticia por “boa” ou ben feita. A exposición crítica da “presentación de posibilidades en conflito” constrúese tanto a partir de tales categorías negativas coma a partir das declaracións “positivas” dos informantes.

## I

A diferenza dos científicos sociais, a xente de prensa ten un repertorio limitado co que definir e defende-la súa obxectividade. En termos de Radin (1957, 1960), o científico social é un “pensador” e o home de prensa é un “home de acción”. Quere dicir, o científico social pode implicarse nun exame epistemolóxico reflexivo (Schutz 1962, pp. 245 ff.), o xornalista non pode. Ten que tomar decisións inmediatas relativas á validez, fiabilidade e “verdade”, por mor de defronta-los problemas impostos pola natureza do seu traballo (procesa-las informacións que se chaman noticias, un produto de consumo funxible que se fai tódolos días). Procesar noticias non deixa tempo para exames epistemolóxicos reflexivos. Sexa como for, a xente de prensa necesita certa noción operativa de obxectividade para minimiza-los riscos impostos polos prazos de entrega das noticias, polos procesos por libelo e mailas reprimendas dos superiores.

A non ser que un reporteiro teña a encarga dunha investigación extensa, ten xeralmente menos dun día para se familiarizar cos precedentes e contexto dunha historia, reunir información e escribi-la encarga<sup>6</sup>. O reporteiro sabe que o traballo que escriba vai pasar por unha cadea

---

<sup>3</sup> Tampouco os procedementos dos médicos do século vinte están a salvo dos que os queiran caracterizar de rituais (Everett Hughes, comunicación persoal, 1971). Amais, a reluctancia de moitos a concibi-los procedementos a xeito de rituais probablemente sexa reflexo do moito prestixio profesional dos médicos.

<sup>4</sup> Wenstein (1966) fala de “tácticas de incremento da credibilidade” e suxire (en comunicación persoal, 1971) tácticas que connotan “obxectividade”, como por exemplo citar a outros ou presentar posibilidades alternativas citando probas negativas ou opinións en conflito, que se poden usar para incrementa-la credibilidade da comunicación interpersonal.

<sup>5</sup> Os informantes todos sabían que era eu unha socióloga metida a investigar. Moitos tenderon a defini-las miñas actividades en termos do seu propio traballo. As interpretacións das miñas actividades que aportaron voluntariamente ofrecéronme pistas relativas ás estratexias de traballo que empregaban.

<sup>6</sup> O reporteiro ten menos dun día porque tamén lle poden requirir que cumpra rotinas da caste de escribir obituarios e rescribir relatos de acontecementos contados por teléfono dende o concello por correspondentes. Amais, os reporteiros poden non ter asignada información ningunha, pomos por caso un incendio, ata ben entrada a xornada de traballo. Dalgún xeito, as tarefas destes reporteiros son un tanto diferentes das dos reporteiros de “cousas gordas”, pois estes teñen sempre algunha información de precedentes e contexto a disposición. Sexa como for, a moitos

organizativa consistente en editores (ou xefes de sección) e asistentes xerárquicamente dispostos. Segundo explicaba con facilidade un xornalista, procesar unha historia implica facer conxecturas de segunda orde. O reporteiro ten que facer “conxecturas de segunda orde” sobre o xefe (ou “editor”) de local e dos seus asistentes; os xefes locais sobre os xefes (ou editores) de sección; os xefes de sección sobre o subdirector e o director, e o subdirector e o director sobre o “editor” ou “editor en xefe e propietario”. O director mercantil (ou “director”), o director (xornalístico) e o editor e propietario critican as noticias antes de que vaian ós prelos<sup>7</sup>.

No xornal en que fixen observación participante, o subdirector tomaba a decisión final de publica-las noticias escritas. Se algunha non lle gustaba, podía criticar ó xefe de sección ou (ou “xefe de información local”) por deixala pasar. O xefe de sección (ou xefe local) podía facerlle algúns comentarios ó xefe de local (“*the city editor*”) e a reprimenda seguía baixando pola cadea xerárquica. Doutras veces, o editor de máis rango marcaba con lápiz vermello ou alteraba unha “noticia mala”, mentres roñaba porque os subordinados fixeran mal labor e déranlle máis traballo ós editores. Nese casos, o subordinado decatábase de que o traballo non fora o adecuado ó le-lo xornal e ver que a noticia impresa difire da que escribiu. As rifas e “marcas de lápiz vermello” son parte dun sistema de control social (Breed 1955) que pode afectar ás promocións, ó mantemento do posto de traballo e mesmo ás boas encargas de escritura informativa.

No devandito proceso de exame xerárquico e posible crítica salientan dous factores. O xornal é unha colección de moitas noticias e historias. Se hai que rescribir moitas, non pode saír a tempo, non dá cumprido os prazos, e os beneficios resíntense. Os camións que levan os xornais ás rexións máis distantes saíran tarde; os camioneiros terán que recibir pagamento adicional. Se unha edición sae tarde, o horario das seguintes pode verse afectado; os impresores poden pedir compensación polas horas extras. Amais, se as derradeiras edicións da mañá non chegan ós quiosques a tempo, os clientes mercarán un xornal da competencia, reduciranse logo os beneficios da compañía. A xente de prensa pode temer que as vendas corran perigo. No le-lo xornal da competencia, os lectores de xornais poden dicir que algún outro xornal é “mellor” e cambia-los hábitos de compra.

Cada noticia de xornal é unha colección de “feitos” declarados e estruturados por xente de prensa. A xente de prensa pode terse por responsable do coidado co que se transmiten cada un deses “feitos”. Os “feitos” lenos tanto clientes xerais dos xornais coma o cliente ou lector de noticias “afectado” (a persoa que cita, describe, ou da que informa a noticia). Se o lector de noticias afectado sinte que pode probar que se lle fixo dano ó seu negocio, reputación, etc., pode ir a preito por libelo. Aínda que os preitos por libelo son relativamente raros, cando se dan, poñen ás organizacións informativas en dificultades financeiras. Ó pór en perigo a reputación do xornal, o proceso por libelo tamén pode afecta-la proclividade do lector xeral de noticias a merca-lo xornal. Daquela, o proceso por libelo tamén altera a rutina da redacción, ó requerir que algúns membros do cadro de persoal teñan que comparecer perante os tribunais<sup>8</sup>.

En suma, cada noticia implica perigos para o persoal que cobre as noticias e para a organización informativa. Cada historia afecta potencialmente á capacidade que o xornalista ten para cumprir-las tarefas diarias, afecta á reputación que ten entre os superiores, e afecta a capacidade da organización informativa para tirar proveito. Na medida en que o xornal leva moitas noticias, tales perigos vense multiplicados e fanse omnipresentes.

## II

---

reporteiros háselles pedir que escriban máis dunha noticia por día, e teñen que manter contactos rutinarios coas correspondentes fontes informativas.

<sup>7</sup> O tradutor renuncia a tomar a serio as denominacións das estruturas corporativas estadounidenses. O texto refire unha cadea xerárquica máis ben longa e previsible. (Moita peneira, logo, na prensa estadounidense de grande tiraxe).

<sup>8</sup> Os xornalistas tamén se queixan das citacións que reciben dos tribunais cando hai xuízos por feitos que viron ou dos que informaron. Non só poñen obxeccións ós requerimentos de revela-las fontes das informacións que publican, senón que as comparencias os afastan das rotinas.

Os xornalistas lidan coas devanditas presións pondo énfase na “obxectividade”, argüíndo que os perigos se poden minimizar se a xente de prensa segue estratexias de traballo informativo que identifican coas “historias obxectivas.” Presupoñen que se cada informador reúne e estrutura “feitos” de xeito impersoal, carente de nesgas e independente, han darse cumprido os prazos de entrega e evitados os procesos por libelo. O xornalistas pensan que a máis da xente entende a importancia dos prazos de entrega, aínda que só for polos esterotipos de Hollywood relativos ós procedementos informativos (ou “procedementos de elaboracións das noticias”: “*news procedures*”); remarcán os perigos dos procesos por libelo perante a xente que non é da profesión<sup>9</sup>. Á hora de expor criticamente as experiencias en procesos por libelo, os xornalistas declararon sempre que foran obxectivos mais cometeran erros inevitables. Condensados, os comentarios dicían: o xornalista debe cuestiona-los feitos indo á fonte, mais algúns alegaron que os feitos teñen que se aceptar sinxelamente como se fosen a “verdade.” Entender que tódalas cousas son cuestionables leva a cousas tan absurdas coma a seguinte: “Robert Jones e maila súa presunta dona, Fay Smith Jones, ofreceron onte o que eles chamaron un cocktail na súa suposta casa, en Grant Street 187, pretendidamente en honor dunha muller que declaraba se-la señora J. Smith, tida adoito por tía dos que se autodenominan hóspedes.”

O xornalista navega entre o libelo e mailo absurdo, identificando a “obxectividade” cos “feitos” que el ou outros xornalistas observaron ou que poden ser verificados. A verificación implica o uso de procedementos apropiados, ou a posibilidade de usalos- como, por exemplo, telefonar a un xulgado para determinar se Robert Jones está casado con Fay Smith. Se a verificación é necesaria mais non se pode obter, os xornalistas poden seguir outras estratexias.

### III

Amáis de verificar “feitos”, hai outros catro procedementos, exemplificados a xeito de atributos formais da noticia, que capacitan ó xornalista para reclama-la obxectividade do que escribe. Velá:

*Presentación de posibilidades en conflito.* –Os xornalistas teñen que ser quen de identificar “feitos”, mesmo se algunhas reclamacións de verdade non son doadamente verificables. Por exemplo, un senador dos Estados Unidos de América pode declarar que Estados Unidos vai por tras da Unión Soviética no desenvolvemento de determinado tipo de mísil. Abofé que un reporteiro non pode comprobar tal declaración no tempo que ten para cumprir co prazo de entrega e é mesmo posible que nunca poida dar coa información adecuada para afirmar que a declaración se refire a un “feito”. O reporteiro (ou xornalista) só pode determinar que o senador declarou “A”. O xornalista mira a declaración “X dixo A”, a xeito de “feito”, mesmo se “A” é falso.

O devandito crea problemas tanto para o informador coma para a organización informativa. En primeiro lugar, o lector de noticias supostamente quere saber se a declaración “A” é declaración dun “feito”, e unha das funcións das noticias é a de lle dicir ó cliente ou

---

<sup>9</sup> Na primeira entrevista que lle fixen a un xornalista (neste caso, o vicepresidente que estaba ó cargo dos informativos na emisora de televisión na que traballei durante un ano), déuseme un texto verbo da lei de libelo para que o estudase. Nas discusións, os editores e reporteiros tanto dos xornais coma das televisións mencionaban o libelo inmediatamente cando se lles preguntaba polos problemas que tiñan as organizacións informativas. Tamén aportaron voluntariamente información verbo dos preitos por libelo cando se lles preguntou polas dificultades que tiveran na carreira profesional. Hai, fundamentalmente, dúas castes de libelos: o libelo xeral e a moilo libelo con dolo. Poño por caso que haxa dous homes que se chaman John Black e viven en Central City. Un reporteiro escribe unha noticia sobre John Black, presunto gangster, dicindo que é propietario dun bar e dunha churrasqueira. John Black, o hostaleiro, pode presentar denuncia e cargos por libelo xeral. Se dá probado que o reporteiro sabía que había dous John Black e que mesturou intencionadamente, pode presentar cargos por libelo doloso, pero os libelos xerais debidos a descoidos, etc., son frecuentes por chatas do traballo. Os libelos xerais son máis frecuentes en Gran Bretaña do que nos Estados Unidos de América. Neste país, os procesos por libelo adoitan chamar moito a atención.

comprador do xornal o que quere e necesita saber. En segundo lugar, á vista de que a pretensión (ou declaración) de verdade do senador non se pode verificar, o cliente ou comprador do xornal pode acusar tanto ó informador coma á organización informativa de nesgar ou “favorecer” ó senador, a menos que se presente tamén unha opinión contraspota ou contraria. Por exemplo, se o senador é demócrata e o presidente é republicano, o lector de noticias pode acusar ó xornal de nesgar a favor dos demócratas, porque o único “feito” do que se informa é o de que o senador demócrata dixo “A”. O xornalista podería sentir que a súa capacidade para reclamar “obxectividade” perante a crítica anticipada púxose en perigo.

Aínda que o reporteiro non poida confirma-la verdade da declaración (ou cargo) do senador, pode porse en contacto con alguén que poida. Por exemplo, pode preguntarlle ó secretario republicano de defensa se a declaración do senador é verdade. Se o secretario de defensa afirma que a declaración é “falsa”, o reporteiro non pode probar que a declaración responde ós feitos. En todo caso, pode escribir que o secretario de defensa declarou “B”. No presentar tanto a pretensión ou reclamación de verdade “A”, atribuída ó senador, e a reclamación ou declaración de verdade “B”, atribuída ó secretario de defensa, o xornalista pode logo declarar que é “obxectivo” porque presentou “ambas a dúas caras da historia” sen favorecer a ningún home nin partido político<sup>10</sup>. Amais, no presentar ambas a dúas declaracións ou reclamacións de verdade, o reporteiro supostamente permite que o cliente dos xornais decida se é o senador ou o secretario o que está a “dicir verdade”.

Chamarlle a esta práctica procedemento para permiti-la obxectividade é problemático. A este exemplo sinxelo podería aplicárselle igualmente a etiqueta de que é “fornecer un número suficiente de datos” para que o lector de noticias poida entende-la situación. O procedemento pode ser de complexidade crecente. Por exemplo, á vez que afirma a reclamación ou declaración de verdade “B”, o secretario de defensa pode culpar ó senador de estar a facer política coa cuestión de defensa ou seguridade nacional. O presidente da comisión de defensa, (*Chairman of the House Arms Committee*), demócrata, pode logo responder ós cargos ou imputacións do secretario dicindo que a administración republicana está a pór en perigo a seguridade nacional por causa da actuación inadecuada da intelixencia e do tratamento afouto do orzamento para desenvolvemento de armas. Ó día seguinte, o presidente nacional dun grupo pacifista pode convocar unha conferencia de prensa para pedir a tódolos partidos que eviten o militarismo para que deixen de dar énfase de máis ó desenvolvemento de armas en detrimento de certa investigación que favoreza a procura diplomática da paz e a seguridade mundial. Algún voceiro do presidente pode entón condenar ó líder do grupo pacifista dicindo que é simpatizante comunista e tenta mina-la política estadounidense.

Chegados a ese punto, hai cinco persoas (o senador, o secretario, o presidente do comité, o líder do grupo pacifista e o voceiro da presidencia a faceren declaracións de verdade non verificables, cada unha delas a representar unha realidade posible. No analiza-la controversia da marihuana, Goode (1970, pp. 50-68) refírese a un tremedoiro de opinións que pretenden ser feitos chamándolle a “política da realidade”. Aínda que tal noción é sociolóxicamente relevante, é inútil para ós xornalistas que teñan que defronta-lo dilema de identificar e verificar “feitos”. Sexa como for, no contrastar e por de par declaracións (e reclamacións) de verdade ou dalas ó prelo segundo van acontecendo nunha secuencia de días, os xornalistas reclaman “obxectividade”. Segundo din os xornalistas, ó lector de noticias non se lle poden ofrecer tódolos aspectos dunha historia nun só día, senón que ha recibir-la diversidade de puntos de vista durante un período de tempo.

A maneira de foro que ventila a “política da realidade”, as definicións que os xornalistas fan da situación van alén da presentación de datos suficientes para que o lector de noticias chegue a

---

<sup>10</sup> Referíndose ás prácticas de televisión, Bennett (1970, p. 113), avogado do xornalismo interpretativo e escrito en primeira persoa, indica que, en caso de que as declaracións se filmen, as respostas a esa declaración tamén se deben filmar, e non emitirse ditas polo reporteiro de televisión. A televisión e mailos “homes da tinta” recoñecen que é un problema presentar posibilidades en conflito. Na medida en que as noticias teñen a ver con conflitos (Rovere 1960), as acusacións son máis noticiosas do que as negacións. Entón, as acusacións situadas ó comezo dunha historia ou noticia (polo feito de seren máis noticiosas, importantes, etc. poden recibir máis atención do lector que a negación posta á fin da noticia ou historia. Rovere (1960) indicou a habilidade de Joseph McCarthy á hora de usar esta regra para minimiza-las noticias que o comprometían.

unha conclusión. Un tremedoiro de declaracións (e reclamacións) de verdade, coma aquelas hipóteses ás que nos referimos, poden concibirse de xeito máis útil á maneira de invitación para que os lectores exerciten a percepción selectiva, reacción característica perante as noticias. De por parte, a invitación á percepción selectiva é do máis insistente, pois cada versión da realidade reclama validez potencial igual. Na medida en que a “obxectividade” pode definirse a xeito de “resolución de percibir obxectos externos á mente” e “obxecto” como aquilo que pertence ó obxecto de pensamento máis do que ó suxeito pensante (ambas a dúas definicións de dicionario), parecería difícil declarar (ou reclamar), segundo fan o xornalistas, que presentar posibilidades en conflito fornece obxectividade.

*Presentación de probas.* –Abofé que hai ocasións nas que os xornalistas poden obter probas para dar apoio a unha declaración ou reclamación de verdade. A proba consiste en localizar e citar “feitos” adicionais, que se aceptan comunmente a xeito de “verdade”. Tal insistencia no apoio dos “feitos” é omnipresente, tanto entre as críticas que os directores fan dos reporeiros coma nas que os reporeiros fan dos directores.

Por exemplo, un serán, una axudante de dirección (*assistant managing editor*), pediu “óbitos máis obxectivos” despois de ler un obituario que describía a un músico falecido chamándolle “mestre”. Preguntou “Cómo é que sabemos” que o falecido era “mestre” e non músico de dous por catro da banda local? Díxoselle que nos parágrafos do medio da noticia, indicábase que o falecido tocara con John Philip Sousa. O “feito” adicional, segundo concordou o director, xustificada o termo “mestre”.

De xeito semellante, un reportero criticou ós directores por editar de xeito non obxectivo e “ruín” cando unha noticia publicada facía referencia a “propaganda comunista” vista en certo lugar. Declarou que os artigos debería incluír máis “feitos”, como, por exemplo, os títulos das obras específicas que se puideran a observar. Á vez que recoñecía que a etiqueta “propaganda comunista” podía non ser caracterización adecuada de cada anaco específico de literatura, insistía en que tal presentación sería máis “obxectiva”. Ofrecería “feitos” (títulos) que darían apoio á declaración( ou reclamación) de verdade inicial. Amais, os títulos presumiblemente poderían capacitar ó lector para afirma-la medida en que a descrición “propaganda comunista” era adecuada e, daquela, correspondente ós feitos, igual que o indica-la asociación do músico falecido con Sousa permitiría ó lector decidir por si se a cualificación de “mestre” era correcta<sup>11</sup>.

As declaracións dos xornalistas relativas a que “os feitos falan en por si” resulta instructiva. Tal dicir implica certa distinción cotiá entre os “feitos que falan (ou cantan)” e o reportero falabarato (ou murmurador) que fala dos feitos. Se o reportero falase dos “feitos”, non podería declarar (ou reclamar) que é obxectivo, “impersoal”, “carente de sesgos”. Abofé que é un lugar común sociolóxico dicir que os feitos non falan en por si. Por exemplo, Shibusani (1966) demostrou que a declaración e aceptación de “feitos” é moi dependente dos procesos sociais.

*Uso xuízoso das vírgulas.* –Os xornalistas conciben as citas de opinións doutras persoas a xeito de proba de apoio. No enxeri-la opinión dalguén máis, cren que se distancian da participación na historia e que deixan que os “feitos” falen, segundo se amosou na exposición crítica dun director durante o incidente que se refire a seguir.

Un edificio de arrabaldo, de propietario rural ausente, botara anos sen calefacción a unha temperatura de case cero graos. O propietario declarara que alguén estaba a arranxa-la caldeira naquel momento. Cando Smith, director da sección de local, telefonou ó edificio non había ninguén a traballar na calefacción, “feito” que Smith engadiu á noticia que redactara o

---

<sup>11</sup> Podería obxectarse con motivos dabondo que “apilar feito sobre feito” presupón un lector de noticias sofisticado que atende a diversos campos de interese. Por unha banda, os xornalistas presumen que presentar probas de apoio outorga ós lectores capacidade de decidiren se unha alegación ou descrición é “correspondente ós feitos”. Por outra banda, os xornalistas por veces denigran a intelixencia dos lectores e quéixanse deles. Con efecto, algunhas veces, os directores e xefes de sección puxeron especial atención en me ensinar a ler entre liñas os textos publicados no xornal, para que eu puidese identificar e recoñece-los “feitos” correctamente. Estas presuposicións contradictorias poden explica-la insistencia de Ellull (1966, p. 76) no dicir que o home que cre que pode chegar a coñecerse e ten fame de noticias é moi logo vítima da propaganda, nomeadamente se comunga cos mitos dominantes nas sociedades técnicas.

reporteiro. No comproba-la historia (ou noticia), Jones, asistente do director, díxolle ó subordinado Smith que se puxera en contacto con máis alugueiros do edificio por mor de incrementa-lo número de nomes mencionados na noticia.

Jones di: “Se podes acadar máis [declaracións de alugueiros], publicarémola”. [Dalí a pouco,] Jones repetiu que quería citas de máis xente, porque “Xa tiveron moitos problemas.” Sen probas de apoio a noticia podería dar pé a un libelo.

No engadir máis nomes e citas, os reporteiros poden retirar as súas opinións da historia ó meter a outros que din o que eles propios pensan. Por exemplo, na cobertura dun grupo de afectados que visitaron ó Ministro de Xustiza para que iniciase accións xudiciais polos feitos do masacre de estudantes negros de Orangeburg, en Carolina do Sur, un xornalista preguntoulle a un membro do corpo xudicial pola reacción que tivera preante o comportamento do ministro.

O membro do corpo xudicial respondeu: “Andamos moi preocupados polo que está a acontecer. É desafortunado que a nosa preocupación reciba resposta dunha maneira que de certo non recoñece que, cando se asasina á xente, aparece unha gran parte de emoción que non se ten en conta ó dicir que se fagan as cousas con présa. Entón o informador preguntou: “Dito en poucas palabras: está insatisfeito? O membro do corpo xudicial respondeu: “Penso que houbo aspereza innecesaria.” Mira para un amigo e continúa: “A palabra é rudeza”.

Segundo abandonamo-lo lugar, o informador explicou que entrevistou ó membro do corpo xudicial precisamente para obter aquelas declaracións e así non ter que editorializar e chamar ó propio Ministro de xustiza rudo el propio.

O uso de citas para evita-la presenza do informador na historia exténdese ó uso das vírgulas a xeito de artificio indicador. Poden usarse, segundo se expuxo, para indicar: “Esta é unha declaración pertencente a alguén distinto do reporteiro.” Tamén se poden usar para indicar “así chamado”. Por exemplo, a Nova esquerda (sen aspas ou vírgulas de cita), denomina un grupo. A “Nova esquerda” (con vírgulas) indica un grupo que se autodenomina Nova esquerda; neste caso, cuestiónase a lexitimidade do grupo.

Impresionado por unha manifestación da resistencia ós alistamentos, un reporteiro usou as vírgulas de tódalas maneiras posibles para apazuga-llo directores, pois sabía que se opuña á manifestación. Escribiu:

Algúns [milleiros de persoas] reuníronse nun parque sollado [do centro da cidade] onde onte se estaba a celebra-lo acto culminante dunha reunión “incrivelmente exitosa”...os mozos guindaron alí as cartillas militares.

O teor da manifestación de dúas horas e media foi que o movemento de “Nova esquerda” está a medrar e ten que se ampliar para esborra-la política estadounidense e “construír unha América na que non nos dea vergoña vivir.”

A protesta do parque foi o segmento [do centro urbano] das manifestacións celebradas de costa a costa en sesenta cidades que recibiron o nome de Día da Resistencia Nacional. O acontecemento de dous días conclúe hoxe con “talleres políticos” dentro da zona [da cidade, ou centro urbano].

A reunión do parque [da cidade] foi relativamete carente de violencia á vista da grande concorrencia, nomeadamente xente nova. John Smith, a cargo do servizo policial dixo: “Só dous ou tres confrontamentos, desfeitos moi logo, estragaron un día que, polo demais, foi perfecto.”

(As citas dos tres primeiros párrafos colléronse de discursos feitos durante as manifestacións, aínda que a fonte non se identifica na noticia.)

Aínda que o informador concordaba persoalmente coas declaracións todas e cos termos metidos entre vírgulas, as vírgulas permitíronlle declarar que non enxerira opinións súas na noticia. Fixeron a noticia (ou historia) “obxectiva” e protexérono dos seus superiores. Este reporteiro recibiu as máis das encargas de manifestacións, aínda que simpatizase cos manifestantes e os directores non. De se percibi-las súas simpatías, non o enviarían a máis manifestacións. De por parte, alteraríanlle substancialmente o texto das informacións, e non llo fixeron. Amais, entre eles, os directores gabaron o traballo do reporteiro. En suma, o reporteiro manipulou ós seus superiores, enxerindo opinións súas, por medio dun procedemento que asociaban coa obxectividade<sup>12</sup>.

---

<sup>12</sup> Tanto a distribución de idade coma o uso dos turnos de traballo no xornal no que traballei de observadora facilitaron a mala percepción da posición e actividade do reporteiro. Os directores de máis rango tiñan entre corenta e

*Estructurar información en secuencia apropiada.* –Estructurar información nunha secuencia apropiada é tamén procedemento para denota-la obxectividade que se pon de exemplo a xeito de atributo formal das noticias. É de supor que a información máis importante no tocante a un acontecemento ten que se presentar no primeiro párrafo e cada un dos párrafos seguintes debería conter información de importancia decrecente. En teoría, a estrutura dunha noticia parécese a unha pirámide invertida.

O devandito é o aspecto formal que máis problemático lle resulta ó xornalista. No discutir, ou expor críticamente, os outros tres atributos formais, o xornalista pode declarar que presentou declaracións de verdade en conflito, que había probas suplementarias, que o único que fixo foi recollelas; que as citas e partes entre vírgulas representan as opinións doutros, non as súas. Sexa como for, mesmo no caso de que un reporteiro poida facer conxecturas de segunda orde inconscientemente sobre as reaccións dos seus editores no momento de escoller un párrafo inicial, e así pregarse ás políticas da empresa, é el o responsable do encabezamento (ou párrafo inicial) da noticia. Non pode declarar que a elección depende dalguén máis. O reporteiro só pode invoca-lo profesionalismo e declarar que o párrafo inicial (ou “*lead*”, párrafo de encabezamento ou párrafo testeiro), valídao o xuízo que ten para escribir noticias.

Invoca-lo xuízo que se ten para as noticias (a agudeza ou acumen profesional) é unha posición inherentemente defensiva, poilo “xuízo para escribir noticias”, é a habilidade de escoller “obxectivamente” no medio de e entre os “feitos” que entran en competencia, para decidir qué “feitos” son máis importantes ou “interesantes.” “Importantes” e “interesantes” denotan contido. Dito doutra maneira, no discuti-la estruturación da información, a xente de prensa ten que dar conta das súas nocións de contido “importante” e “interesante”.

En certa medida, as dificultades da xente de prensa vense mitigadas pola fórmula familiar de que as noticias tratan do “quen, que, cando, onde, como e de qué maneira.” Esas cinco preguntas, procuran os chamados “feitos máis tanxibles” dunha noticia ou historia. Entón, se o xornalista pode declarar que se guiou polas “ cousas máis tanxibles”, pode declarar que foi “obxectivo”. Por exemplo, ó explicar como é que escribiu unha noticia verbo da manifestación antibelicista e contra o alistamento, o xornalista dixo:

Antes de nada, guieime polas cousas máis tanxibles...canta xente había: esa é a noticia...o número de cartillas militares devoltas...No segundo párrafo, puxen o ton da manifestación. Logo puxen os discursos. Os feitos duros (ou importantes) van primeiro.

Con todo, os xornais e mailos xornalistas poden non coincidir na identificación de feitos materiais. Este mesmo xornalista collera o máis interesante da crónica dunha manifestación noutro xornal e chamáralle parcial (ou nesgado). Queixábase de que “había milleiros de xente [na manifestación] e case todos agás uns poucos eran pacíficos, mais o xornal vespertino puxo en portada un incidente violento.”<sup>13</sup> Obviamente, o xornalista do vespertino respondería que o seu relato era “obxectivo”, que a violencia foi “a cousa máis “tanxible”” o “quen, que, cando, onde, porqué e de qué maneira” da historia. Segundo se demostrou amplamente na literatura académica, os xornais difiren na escolla de feitos materiais, en cadansúa política de noticias<sup>14</sup>, mais todos declaran ser “obxectivos”

---

cinco e sesenta e cinco anos. O reporteiro tiña trinta e poucos. Os directores entraban a traballar ás seis da tarde. O reporteiro saía do traballo ás seis da tarde. Aínda que directores e reporteiros poden coincidir na redacción á mesma hora, os directores tenden a se socializar cos reporteiros máis vellos cos que falan de vagar e amistosamente, intercambiando rumores antes de sentaren a traballar. Amais, á vista de que o reporteiro mozo ó que me refiro levaba o pelo curto e roupa discreta, os directores tiñan poucas pistas para saber cales eran as súas crenzas políticas. A capacidade do reporteiro para enmascara-los puntos de vista propios é de certa importancia, poilos superiores tenden a identificar “obxectividade” coa “tendencia” ou política informativa (“*news policy*”) da súa organización (véxase Breed, 1955).

<sup>13</sup> No que atinxe á cobertura informativa parcial e interesada de manifestacións, véxase o texto de Tony Bennett (1982) “Medios, “realidade” e significación”. Cf. Tony Bennett, “Media, “reality” and signification en J. Curran, M. Gurevitch, T. Bennett e J. Woolcott (eds.), *Media, Culture and Society*. Londres, Routledge, 1982.

<sup>14</sup> Quizais a mellor comparación entre dous xornais é a que fixo Matthews (1959).



Se os xornalistas teñen problemas á hora de identificar “feitos materiais” mesmo dentro dos límites da política de noticias do seu xornal, poden por en práctica outra opción. En troques de discuti-los atributos formais dunha noticia en concreto, poden describi-los atributos materiais dun xornal.

#### IV

Os xornais divídense en seccións e páxinas. As primeiras páxinas levan noticias de interese xeral “estrictamente obxectivas”. As noticias especializadas, como é o caso dos deportes, das noticias financeiras e femininas, aparecen só en páxinas demarcadas e xuntas que forman sección. As historias de interese xeral que non son “obxectivas” colócanse quer na páxina da editorial, quer na páxina de opinión que vai a seguir da editorial. Só hai dúas excepcións a esta regra. Unha é a noticia de sucesos ou “de anécdota persoal”. Malia os elocuentes argumentos de que a historia de sucesos ou crónica especial é unha noticia máis (H. Hughes, 1940), os xornalistas adoitan insistir na distinción entre as dúas formas (v. g., Mott, 1962). Nalgúns xornais formalízase a distinción, Poño por caso que o *New York Times* inclúeas na primeira páxina da segunda sección. Outra excepción é a “análise de noticias” (ou artigo interpretativo e ocasionalmente informativo: *news analysis*), que se pode publicar nas páxinas de interese xeral “estrictamente obxectivas” se é que vai acompañado de etiqueta formal e clara<sup>15</sup> de “opinión” (“*news analysis*”)<sup>16</sup>.

Os xornalistas usan a demonimación de “opinión” (ou “*news analysis*”) para pór unha barreira entre a historia ou noticia problemática e mailas outras noticias nas páxinas de información xeral. Do mesmo xeito cás vírgulas establecen a distancia entre o informador e mai-la historia que conta e indican que os materiais incluídos entre elas poden ser problemáticos, a indicación de “opinión” (ou “*news analysis*”) marca que os materiais incluídos nin representan opinións do cadro de directores nin son necesariamente “verdade”. Tales materiais son a interpretación que o informador fai dos “feitos”. Os lectores poden confiar e acepta-la información do reporteiro segundo a estima que lle teñan polas características e actitudes amosadas nos traballos que adoita publicar e tamén en artigos de opinión previos (“*previous news analysis*”).

Malia o devandito, a invocación da opinión para suxerir obxectividade tamén amosa dificultades. A pregunta: “Ata qué punto é a información obxectiva diferente da opinión?”, resultoulle a máis difícil ós que responderon a tódalas preguntas feitas durante dous anos de investigación<sup>17</sup>. Un director dixo isto despois de divagar durante dez minutos sen se dar centrado no asunto:

A opinión -ou artigo de opinión con ocasional contido informativo (*news analysis*)- implica xuízos de valor. As noticias puras non levan xuízo de valor ningún... Non se pode elimina-la indicación de “opinión” (*news analysis*) [amosa un artigo desta caste coa indicación *Analysis*] e non dicir nada. Non, eu diría que na cabeza do director préndese a alarma se se pensa que o texto está cargado e opinión e o que o escribiu quere escapulirse das normas de obxectividade... [Porén] o lector pensa que a indicación de opinión...[É] ponderada e grave, a clave é o número e grao dos xuízos de valor e non documentados que se poñen por xunto”.

Aínda que o director deliñou unha técnica formal para alerta-lo lector, non daría dito que é o que determina o “Número e grao de xuízos de valor non documentados que se poñen por xunto”. De por parte, o director reconece a discrepancia entre as razóns para actuar como o fai e a interpretación que os lectores fan de tal acción. No encarar ese dilema, a xente de prensa volve invoca-lo xuízo que os profesionais teñen para saber que é o que é noticia –querendo, logo, dicir

---

<sup>15</sup> A palabra “opinión” (ou as palabras *news analysis*) aparecen nun tipo diferente, distinto do dos titulares, os subtítulos, o párrafo testeiro e o corpo da noticia.

<sup>16</sup> Unha adaptación, ou adopción, recente deste recurso cas de nós puido lerse na portada de *El Correo Gallego* do quince de marzo do 2004.

<sup>17</sup> Varios reporteiros e un axudante de dirección dixeron que non sabían en qué se distinguían a información obxectiva e maila “crónica de opinión” (ou *news analysis*). Un dos directores da edición dominical dun xornal sorriu e bateu maino nas costas do xefe da sección local cando me oíu facerlle ó último a pregunta. Un texto interesante sobre esta cuestión é o de MacDougall (1968).

que a experiencia e mai-lo sentido común permítenlles declarar que “feitos” son “importantes” e “interesantes”.

## V

Parecería que o xuízo para escoller que é noticia é coñecemento sagrado, capacidade segreda da xente de prensa que a diferencia doutra xente. A experiencia da xente de prensa coas relacións interorganizativas, o trato que teñen coa organización propia ou con outras, permítelle reclamar ou declara-lo xuízo que teñen para escoller noticias e tamén para declarar que sexa “obxectividade”. A xente de prensa fai tres xeralizacións:

1. Os máis dos individuos, en canto fontes de noticias, teñen intereses persoais. Para que o crean, o individuo ten que dar probas de credibilidade en canto é fonte de noticias e esa credibilidade xérase a través dun proceso de ensaio e erro<sup>18</sup>.
2. Algúns individuos, como é o caso do presidente dun comité, están en posición de saber máis ca outros individuos que tamén pertencen á mesma organización. Aínda que teñen una posición que defender, a información da que dispoñen é probablemente máis “coidada” ou “precisa” por causa de teren máis “feitos” ó seu dispor.
3. As institucións e mailas organizacións teñen procedementos concibidos para protexer tanto a institución coma a xente que está en contacto con ela. A significación, tanto dunha declaración coma dun “sen comentarios”, ten que se afirmar segundo o coñecemento que o xornalista teña dos procedementos institucionais.

Os xornalistas tenden a aglutina-las tres xeralizacións devanditas falando da medida en que “algo ten sentido”. Para ilustra-lo que quero dicir, hai dous exemplos. Ambos a dous implican declaracións que os directores de xornais non querían dar ó prelo.

Un deles ten a ver co sistema legal, o outro coa sistema político. Ambos a dous sistemas son institucións coas que os xornalistas din ter familiaridade fundada na experiencia.

*Exemplo primeiro.* – Un pai ó que se podería acusar de negligencia na tutela dunha filla que ten por resultado a morte da rapaza por fibrose cística comparece no tribunal para se declarar inocente. Unha noticia sobre o relato pesaroso do pai recibiu a aprobación do director da sección de barrios, mais non a aprobación do director da sección de local (relativa a cidade toda) e do subdirector, que insistiu en que o director de barrios non debería de aproba-la historia (ou noticia). Os dous directores fundaron cadanseu rexeitamento en dous factores: a historia tiña moitas preguntas pendentes de resposta e os directores imputábanlle significado ó comportamento da policía. Segundo dixo un: “cando a policía e o fiscal do distrito teñen algún lío, sabes que algo falla.” Os directores insistiron:

Os xornais teñen que segui-los pasos legais segundo se dan nunha secuencia de arresto-presentación de cargos-xuízo, a non ser que os xornais estean convencidos de que houbo algunha irregularidade no proceso xudicial...nese caso, os xornais poden por ó descuberto tódalas irregularidades e facer cruzada a favor do acusado.

O caso que pomos de exemplo non foi o dun erro claro da xustiza, pois había moitas preguntas sen responder. Por exemplo, a historia ou noticia que o redactor pretendía publicar non dicía se o neno estaba a tratamento médico. Os directores preguntáronse: “Se non houberse negligencia, o neno morrería?” Cousa aínda máis importante, cando o director da sección local (cidade) chamou á policía á procura de información adicional verbo do pai, a policía calou coma un morto. Pola experiencia que tiñan do trato coa policía, os membros da dirección do xornal presumiron que na policía estaban a pensar se presentar ou non cargos contra o home. Á vista de que “a policía non presentaría cargos”, e sen proba legal necesaria para levar un caso ós

---

<sup>18</sup> Shibutani (1966) indica que dous xornalistas desatenderon informacións exclusivas relativas ó suicidio do mariscal Goering porque a fonte da información (un garda da cadea) non probara a súa credibilidade.

tribunais, concluíron que “no asunto todo había algo raro.” A xente de prensa tivo a impresión de que, se querían continuar coa noticia, tiñan que contar con “máis feitos”, para contradicir-la declaración lóxica do proceso policial. Se presentasen pobras suplementarias (atributo formal da obxectividade), os xornais poderían declarar que eran obxectivos. Segundo dixo un director (“editor”):

A noticia é similar a dun home do que a muller aparece asasinada, e non arrestan ó home, mais dinlle que marche da cidade. Vai o home ós xornais todos e tenta librarse dunha acusación que aínda non se fixo. Se unha semana máis tarde alguén acusa a ese home de asasinato e nós previamente publicáramos a historia das súas coartadas exculpatorias, como quedaríamos nós, os xornais?

*Exemplo 2.* – White, o reporteiro en xefe da sección de política, cubriu as eleccións primarias de New Hampshire do ano 1968, nas que se enfrentaban McCarthy e Johnson. Quería que gañase McCarthy. Comparativamente, moitas das afirmacións de White se esborraron das súas noticias e crónicas porque os directores superiores creron que se estaba a implicar en comentarios ou (“análise de noticias”, “*news analysis*”) sen garantías. Segundo a experiencia da xente de prensa coa política, o líder dun partido político (v. g., o presidente) é quen o controla, e os membros do partido apoian a quen ten o poder por mor da posición institucional que ocupan, mesmo no caso de que estean en desacordo persoal con el.

Unha das declaracións (ou opinións) retiradas dun artigo de White dicía que o presidente Johnson “estaba a se asustar” nas primarias de New Hampshire. O asistente do subdirector (*assistant managing editor*) esborrou tal declaración porque ía contra toda experiencia política presumir que un presidente que controla o poder todo no seu partido tería dificultades á hora de se confrontar cun senador mozo, pouco coñecido e algo atolado. Segundo explicaba o director da sección de local (do centro urbano), que tamén prefería a McCarthy: “Suponse que White é un experto en política pero as palabras que escribiu non contaban coa garantía dos feitos”. En moitos casos, White estaba a escribir enconadamente. Para pór enfase nese aspecto, o director indicou que White mesmo lle apostara que Johnson non ía ser candidato nas eleccións de novembro. O director describiu iso a xeito de “arrotada política” e a xeito de pensamento autocompracente. Dixo que, ó cabo, tódolos presidentes estadounidenses do século vinte foran candidatos á re-elección. (Tiveran logo poder suficiente para asegura-lo dominio no seu partido, e os políticos aman o poder).

Podería concluírse que a experiencia organizativa da xente de prensa prexudícaa cando hai posibilidades que estean á contra das súas expectativas preexistentes. Con todo, dende o punto de vista da xente de prensa, as experiencias que teñen da relación con outras organizacións durante certo período de tempo validan o xuízo que teñen para sabe-lo que é noticia e poden reducirse a cuestión de sentido común. Con “sentido común” o xornalista quere dicir o que os máis dos xornalistas (ou xente de prensa) teñen por verdade ou dan por garantido.

## VI

O senso común xoga un papel central na declaración de contido das noticias, á vista de que o contido dunha noticia é unha multitude de feitos, e o sentido común pode determinar se unha información se pode aceptar en calidade de “feito”. Por exemplo, pénsese na proba de apoio que se acepta a xeito de “feito” na descrición obxectiva do que sexa a “propaganda comunista”. Se o artigo que era obxecto de disputa enumerase *Das Kapital* a xeito de publicación vista no escenario dos feitos, podería xustificarse (supostamente) o termo “comunista”. Asíciase decote *Das Kapital* co comunismo e en xeral non se concibe a xeito de texto que teña a ver coa teoría económica.

Os “feitos” non documentados que os xornalistas aceptan como se estivesen probados revelan a medida en que o xuízo para determinar o que sexa ou non sexa noticia pode fundarse no senso común. Por exemplo, o director da sección de local (da cidade) indicou, no momento en que se discutía sobre a noción de opinión (ou “crónica con análise de noticias”): “Todos din que Gene

McCarthy ten tirón para o elemento intelectual. Iso está nas noticias, mais non hai documentación que o poida probar. Non hai tempo nin espacio para a documentación, e daquela un fai declaracións (ou afirmacións) sen máis. Non sei se será verdade. É estatísticamente prudente?”

A xente de prensa non manda ós prelos declaracións que contradigan o senso común como se fosen “feitos”. Rivers (1967, p. 187), informa verbo da experiencia de John F. Kennedy cando traballou de informador para o servizo internacional de Hearst despois da Segunda Guerra Mundial. Como Kennedy vivira en Inglaterra antes da guerra e “escribira un libro sobre a estraña posición militar británica, enviárono a cubri-las eleccións. Nunha das primeiras noticias (ou crónicas) que escribiu predeciu que os conservadores de Winston Churchill ían perde-las eleccións... Kennedy lembrou anos despois: “Non ben esa crónica causou sorpresa en Nova York, Hearst mandoume unha na que practicamente dicía que estaba tolo da cabeza.”” A crónica de Kennedy contradicía o sentido común estadounidense ó insistir en que un político popular que conducira existosamente o país en guerra non ía saír reelixido. A súa disputada opinión de experto contradicía o que “todos sabían” e “daban por garantido”. Non era logo “correspondente ós feitos”.

Segundo di tan pertinentemente Schutz (1962, p. 75): “Ten que ser dabondo indicar que todo o coñecemento que se dá por garantido ten unha estrutura altamente socializada, quere dicir, que se presume, que se dá por garantido non só por min, senón por nós, por calquera (quere dicir, “calquera de nós”). Sería interesante explorar máis a fondo as castes de información que os xornalistas consideran “feitos”, declaracións das que a precisión se pode dar por garantida. Suxerín noutro lugar (1969) que as nocións que a xente de prensa dá por garantidas son, en verdade, un cadro da visión que ten da realidade social e política. Se ben tal observacion require examinar de novo as relacións interorganizativas de cada organización informativa, a exploración intensiva dese asunto sobarda os límites deste artigo. Aquí ten que abondar con dicir que (1) algúns contidos poden aceptarse en calidade de “feitos” se teñen sentido e (2) que o xuízo para decidir que é o que é noticia que xustifica o “sentido” parece ser coñecemento sagrado profesional. En todo caso, o coñecemento profesional particular é defensa inadecuada contra a crítica, á vista de que os críticos atacan con frecuencia ese mesmo coñecemento.

## VII

No explora-la noción de obxectividade dos xornalistas, fun logo examinando, (1) os procedementos de elaboración e edición das noticias a xeito de atributos formais das noticias (de cada noticia e cada xornal), (2) os xuízos baseados nas relacións interorganizativas e (3) o senso común en canto base para afirmar (ou declarar) o contido das noticias. Aínda que os atributos formais das noticias e mailos xornais poidan presentarlle problemas ó xornalista, capacitano para declarar obxectividade, e esas reclamacións poden ser confirmadas polo lector.

O xornalista, por mor das diversas presións ás que se ve sometido, sinte que ten que ser capaz de se protexer, de declarar: “son un profesional obxectivo”. Ten que ser quen de desenvolver estratexias que o capaciten para dicir: “ista historia é obxectiva, impersoal, independente (ou “libre de intereses particulares”). De xeito similar, os directores de sección e os directores de empresas xornalísticas sinten que teñen que ser capaces de declarar que as columnas de noticias son “obxectivas” e que a política de noticias (ou política informativa) e, por outra banda, a política editorial, son distintas. Isto é así porque os lectores non teñen o xuízo para decidir que é o que é noticia e, cando desafían á xente de prensa, tenden a actuar como se o tivesen<sup>19</sup>, declarando entón que a obxectividade baseada no “ter xuízo” ou capacidade para decidir que é noticia non satisfai ós críticos.

---

<sup>19</sup> Á vista de que a xente de prensa non vive arrodeada de mística técnica ningunha, parece como se calquera puidese face-lo traballo de xornalista. O cabo, case calquera pode dedicarse ós rumores. Para a comparanza entre a noticia e o rumor, véxase Shibutani (1966) e Parks e Burgess (1967).

Sexa como for, no citar atributos formais das noticias e dos xornais, incluídos os que poden ser problemáticos (como é o caso da mención de *Das Kapital* para xustifica-lo termo “propaganda comunista”), os xornalistas poden apuntar a xeito de proba que distinguiron entre o que pensan e o que escribiron. Poden alegar que (1) presentaron posibilidades en conflito relativas ás declaracións de verdade, (2) que presentaron probas complementarias en apoio dun “feito”, (3) que usaron vírgulas para indicar que o informador non está a facer declaracións de verdade, (4) que presentaron os “feitos” que son máis “tanxibles” primeiro e (5) que separaron coidadosamente os “feitos” de opinións empregando a etiqueta “opinion” (ou análise: *news analysis*). Parecería que os procedementos informativos (ou noticiosos) postos de exemplo dos atributos formais das noticias e xornais son verdadeiras estratexias por medio das que os xornalistas se protexen dos criticos e fan declaración profesional de obxectividade, nomeadamente por causa do seu coñecemento profesional non contar co suficiente respecto entre os lectores e por ser tal coñecemento profesional mesmo o fundamento de ataques críticos. Amais, suxeriuse máis dunha vez que tales procedementos (1) constitúen unha invitación á percepción selectiva, (2) insisten erradamente en que “os feitos falan en por si”, (3) son un artificio desacreditador e unha forma de introduci-la opinión do informador, (4) están vinculados á política editorial de cada organización informativa e (5) inducen ó erro ós lectores ó suxerir que a “análise de noticias” (ou “artigo opinión que emprega tamén informacións”) é ponderada, grave, e definitiva. En suma, hai clara discrepancia entre os fins procurados e os que se acadan. Non hai, logo, relación clara entre os fins procurados (obxectividade) e os medios usados (os procedementos informativos –ou noticiosos- que se describiron):

Esta interpretación ten moitas implicacións teóricas de interese. En primeiro lugar, dá apoio á polémica posición de Everett Hughes (1964, pp. 94-98) no tocante a que en varios oficios (ou ocupacións) desenvólvense procedementos ritualizados para se protexer de inculpacións. Indicaba Hughes: “No ensino”, ocupación que é coma o xornalismo, “onde os fins están mal definidos – e en consecuencia tamén os erros- onde o mundo dos leigos ou alleos anda lixeiro á hora de criticar e de culpar, desenvolverse con corrección vira tan ritual ou mesmo máis do que na arte. Se un profesor dá probado que seguiu o ritual, a culpa pasa del ó miserable estudante ou rapaz; e o fracaso pode cargárselle e cárgaselle ó estudante.” (pp. 96, 97). No examina-lo comportamento ritualista de profesionais de segundo rango da caste de farmacéuticos e enfermeiras, di Hughes, “obtemos algunhas pistas do que pode se-la función máis fonda da arte, do culto e mailo ritual de varias ocupacións. *Poden fornecer un conxunto de comprobacións e balanzos emocionais e mesmo organizativos contra os riscos (tanto subxectivos coma obxectivos) da actividade*” (p. 197, itálicas miñas). Dende este punto de vista, os atributos formais das noticias e dos xornais parecerían implicar rituais estratéxicos que xustifican a declaración (ou reclamación) de obxectividade. Capacitan ó xornalista para dicir, apuntando cara á súa proba: “Son obxectivo porque usei vírgulas.”

En segundo lugar, os devanditos achados poden ter importancia á hora de considera-las nocións de obxectividade que empregan os profesionais. Segundo se indicara previamente, os científicos sociais distinguen entre eles e os demais indicando a proclividade que teñen ó exame reflexivo de presuncións filosóficas. Mesmo Gouldner, uníndose a C. Wright Mills á hora de falar de “replicabilidade transpersoal”, suxire: “Nesta noción, obxectividade significa sinxelamente que o sociólogo describiu procedementos que emprega de xeito tan explícito que se outros os empregan no mesmo problema chegarán ás mesmas conclusións. Con efecto, logo, trátase dunha noción de obxectividade a xeito de rutinización técnica e depende, no fondo, da codificación dos procedementos de investigación que se empregaron. Con todo, no mellor dos casos, trátase dunha definición operativa de obxectividade que presumiblemente nos conta o que temos que facer para xustificar unha afirmación de que algún achado en particular é obxectivo. Sexa como for, non nos conta moito do que signifique a obxectividade conceptual e connotativamente.” En suma, Gouldner acusa ós sociólogos de pasar de contrabando problemas epistemolóxicos polo método de os esconder por tras de técnicas formais. Pinta un cadro da obxectividade sociolóxica a xeito de ritual estratéxico<sup>20</sup>.

---

<sup>20</sup> Outras declaracións de sociólogos parecen dar apoio a este cargo. No falar das reaccións de sociólogos a estudos de comportamento premarital, Udry (1967) declara (aínda que non ofrece probas) que os sociólogos citan estudos con

Hai outras profesións e ocupacións que igualan a obxectividade coa capacidade de manterse impersoal dabondo para segui-los procedementos de rutina apropiados a cada caso específico. Por exemplo, a posición obxectiva do avogado permite este dicir habitual: “O avogado que se ten a si mesmo por cliente recibe emprego dun louco.” A regra de que os doutores non poden operar a membros da súa familia protexe supostamente tanto ó doutor coma ós pacientes de posibles erros. Enténdese que, de haber implicación emocional, o doutor quizais non siga os procedementos máis adecuados.

En todos estes exemplos, a obxectividade refírese a procedementos de rutina que se poden exemplificar a xeito de atributos formais (vírgulas nas citas, formas de significación, procedementos legais, raios X) e que protexen ós profesionais de erros e dos críticos. Parece que a palabra "obxectividade" úsase defensivamente a xeito de ritual estratéxico. Sexa como for, á vista de que os meus achados levan a esta conclusión no que atinxe ó uso que os xornalistas fan da palabra “obxectividade”, as xeralizacións feitas por conta doutras profesións e ocupacións fican pendentes de exames sistemáticos do uso que cada grupo dá á palabra “obxectividade” en cadanseu contexto laboral.

---

conclusiones que aproban, mais desafían os métodos de estudos nos que os achados ofenden os seus valores. Reynolds (1970) desafía feitos científicos rastrexando a historia natural de certa ficción “científica” continuada. Goode (1970) critica a investigación sobre a marihuana no contexto da “política da realidade.” Gouldner (1970, p. 254) ten a sensación de que “o reino da obxectividade é o reino do *sagrado* nas ciencias sociais.”